

# VALENTÍN PAZ-ANDRADE

## Achegamento á vida e obra

Valentín Paz-Andrade, naceu no barrio pontevedrés do Socorro de Lérez o 23 de abril de 1898 e faleceu en Vigo o 19 de maio de 1987. Foi un xurista, economista, político, empresario, escritor, poeta e xornalista galeguista.

Fillo de Francisco Paz Cochón, concelleiro de Pontevedra, e Matilde Andrade Tojeiro, quen despois tiveron tres fillas máis: Matilde, Carmen e Castora (que morreu moi nova).

### Actividade antes da guerra civil

Comezou a interesarse na literatura e na cultura de Galicia da man do seu tío, o poeta Xoán Bautista Andrade. Foi tamén el que lle presentou a Castelao, un dos intelectuais que máis influíron na súa obra, cando este fixou a súa residencia en Pontevedra, en 1916.

En 1917 comezou os estudos de Dereito, na Universidade de Santiago de Compostela, que rematou en 1921. Neste tempo comezou tamén a colaborar co diario santiagués *Gaceta de Galicia*. Simultaneamente foi xefe de redacción do semanario *La Provincia* de Pontevedra (1917-1922).

Durante a súa etapa formativa iniciouse no movemento galeguista, da man de Castelao, e participa como orador na II Asemblea Nacionalista (1919) de Santiago de Compostela. Ramón Piñeiro conta que Castelao tivo que organizar un mitin público no que participaran estudiantes da Universidade, para o que escolleu a Paz-Andrade. A consideración que lle tiña Castelao pode reflectirse no alcume de *o Mozo* co que se refería a el nos faladoiros do Café Moderno (en Pontevedra), que mudou co paso do tempo a *o Berbiquí*, pola súa teimosía, e a *o Inmortal*, tras sobrevivir á Guerra de África e aos atentados de Vigo e de Verín.

Durante esa época tamén crea e preside o primeiro grupo galeguista estudantil en Santiago, o Grupo Galeguista Galego de Estudiantes. Anos despois presidiría en Vigo o Grupo Autonomista Gallego (1930) e militaría no Partido Galeguista, participando activamente na súa fundación en decembro de 1931.

Durante a Guerra de Marrocos foi enviado á fronte en 1921, formando parte do Rexemento Murcia de guarnición en Vigo, pero tivo que ser evacuado por mor dunha infección intestinal e, tras un recoñecemento médico na Coruña, dado por inútil para o servizo militar. Durante ese tempo xorde a única novela que escribe,



Retrato de Valentín Paz-Andrade.

*Soldado da morte*, que deixará inacabada e inédita. En 1978 escribiu a Xosé Núñez Búa: "A noveliña a que te refires non se chegou a imprimir. Somentes meu tío Juan Bautista Andrade, Castelao e Cabanillas leeron o orixinal, que despois deixei esquecido nun caixón. En 1922 regresa a Galicia.

En 1922 nace o xornal *Galicia. Diario de Vigo*, que dirixiu desde o primeiro número ata a súa desaparición en 1926, pechado na ditadura de Primo de Rivera. En 1924 foi detido pola publicación de dous artigos publicados en *Galicia*.

Desde o outono de 1926 fixa o seu bufete de avogados en Vigo, mantendo as súas colaboracións periodísticas. En 1927 comezou a escribir en *Industrias Pesqueras*, da que foi director desde 1942. Como asesor xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas coñece os portos de Bretaña e comeza o seu achegamento ao mundo do mar e da pesca. En 1928 publicou *Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema*.

En 1930 funda e preside o Grupo Autonomista Galego, en Vigo, á vez que intensifica a súa actividade política en prol do galeguismo, da man de Castelao, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas e outros. Nese mesmo ano, o 3 de setembro, morre o seu tío Xoán Bautista Andrade.

Foi candidato ás Cortes Constituíntes de 1931, con Castelao e Cabanillas, pero non saíu elixido por escasa marxe. En xuño dese mesmo ano colaborou na redacción dun *Antreproyeito de Estatuto da Galiza* e publicou diversos artigos políticos en *El Pueblo Gallego*. En decembro constitúese formalmente o Partido Galeguista, en Pontevedra, e resulta nomeado conselleiro.

O 22 de novembro de 1932 foi vítima dun atentado cando saía, acompañado de Xaime Illa Couto, dun café na rúa de Galán, hoxe rúa do Príncipe, de Vigo. Daquela Paz-Andrade mediaba representando á patronal nunha folga de mariñeiros do sindicato de Industria Pesqueira de Bouzas-Vigo (pertencente á CNT) contra os armadores da industria *La Marítima* polos buques por parellas. No atentado recibiu cinco disparos que case acaban coa súa vida. O militante anarcosindicalista Vicente Vales Lorenzo, directivo do sindicato, foi acusado de ser o autor material dos tiros e detido, estando preso até abril de 1933 e



Casa natal en Lérez.

Como asesor xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas coñece os portos de Bretaña e comeza o seu achegamento ao mundo do mar e da pesca. En 1928 publicou *Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema*.

The image shows the front page of the newspaper 'El Pueblo Gallego' from November 22, 1932. The masthead reads 'EL PUEBLO GA' with the number '30'. Below it, there's a slogan: 'ARRIBA, CORAZONS GALEGOS! OXE PLEBISCITASE O ESTATUTO'. The page is filled with various articles and columns in Spanish. Some of the visible titles include 'EN PE. GALEGOS', 'A nosa xeneración', 'Gallego', and 'Continuidade cultural'. The text is in a dense, handwritten-style font.

"Autonomía, fé civil", columna na portada de *El Pueblo Gallego*, 1936.

saíndo absolto logo do xuízo, no que foi defendido por Agustín Ribas e Isidoro Millán Mariño.

En 1934, cando con ocasión do *Bienio Negro* foron desterrados -o 23 de novembro- Castelao a Badaxoz e Bóveda a Cádiz, Paz Andrade asumiou -con moitas reticencias- a Secretaría Política do Partido Galeguista Volveu presentarse ás eleccións de febreiro de 1936, desta volta nas listas da Candidatura Republicana de Centro de Portela Valladares , pero tampouco resultou elixido.

*Ti sabes ben que eu non podo nin quisen endexamais furtarme a ningún esforzo pola Causa. Menos podería facel-o si ti es quen o reclama, e nun intre como o de agora. Mais compre enfocar as cousas abxetivamente, pola cara da eficacia. E xusgo que nin o Partido lle convén o que propós, nin eu me atopo en situación de encarar esa responsabilidade*

Carta a Castelao, 3 de decembro de 1934.

## Guerra civil e posguerra

Co estalido da Guerra Civil Española axudou a fuxir a diversos intelectuais galeguistas e defendeu a outros das condenas que lles eran impostas. Posteriormente, foi desterrado a Verín o 9 de setembro e, en xaneiro de 1937, a Requeixo (Chandrexia de Queixa). En abril autorizóuselle a residir en Castro Caldelas e, días despois, na Pobra de Trives. A soidade deste tempo no desterro fixo xurdir nel a necesidade de escribir poesía, e aí naceron moitos dos versos que logo formarían parte de *Sementeira do vento* ou de *Cen chaves de sombra*.

Finalmente foi autorizado a saír do seu desterro para asistir a unha asemblea de armadores en Bilbao pero ao regreso retornou a Vigo, ao ser cancelado o desterro a principios de 1938, para quedar o resto da súa vida nesta cidade. En agosto de 1939 foi detido de novo e desterrado a Villanueva de la Serena (Badaxoz) .

Durante o seu desterro coñeceu na Pobra de Trives a Pilar Rodríguez de Prada, coa que casou en Ourense o 8 de decembro de 1939. O 4 de outubro de 1940 naceu o seu único fillo, Afonso Paz-Andrade.

A partir de 1942 dirixiu a revista *Industrias Pesqueras*. Avogado de prestixio en Vigo, foi un dos impulsores do grupo industrial Pescanova, que converteu na primeira compañía armadora europea de buques conxeladores, e da que foi vicepresidente (1960). Traballou tamén como técnico da FAO, con que participou en diversos congresos e seminarios, e para a que publicou o



Edificio da antiga cadea de Vigo

primeiro tratado sobre *Principios de economía pesquera* (1954); ademais, foi o primeiro especialista español proposto por esta organización para misións internacionais en Hispanoamérica (Valparaíso, 1952; México, 1954; e Bogotá, 1955).

Desde 1945 organizou o parladoiro do café Alameda, en Vigo, onde se reunía con intelectuais e artistas como Carlos Maside, Laxeiro, Prego de Oliver, Fernández del Riego e os irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, entre outros.

Nesta época seguiu colaborando en *El Pueblo Gallego* e publicou diversos artigos en *Faro de Vigo* e *La Noche*, asinados cos pseudónimos M., Xan Quinto e Mareiro (este último para asinar artigos sobre temática pesqueira. En maio de 1943, o Delegado Provincial de Educación Popular insistía así na prohibición que recaía sobre Paz Andrade respecto ao uso da súa sinatura:

*En cuanto a la deducción que en dicho escrito se hace de que podrá en otras publicaciones y no en "Industrias Pesqueras" usar su firma, es erróneo ya que la prohibición alcanza evidentemente a todas las publicaciones que dependen de la Delegación Nacional de Prensa y en la actualidad son las que tienen carácter de periódicas*

O Delegado Provincial ao director de *Industrias Pesqueras*, 18 de maio de 1943.

Na revista literaria *La Noche* publicou o 14 de xaneiro de 1950 un artigo en portada e a catro columnas sobre Castelao, quen morrera unha semana antes, baixo o título "Castelao. El hombre y el artista". A revista foi expedientada por incumprir as normas ditadas pola Dirección Xeral de Prensa para o tratamiento que debía dar a prensa á noticia do pasamento e pechada dúas semanas despois. As instrucións esixían que a noticia se dera en páxinas interiores e a unha columna, e que só se podía eloziar as cualidades de humorista, literato e caricaturista.



Pescanova está moi ligada ao apelido Paz-Andrade.

*Durante la séptima noche del año naciente -vértebra dorsal del siglo- han debido doblar a muerto las campanas de todas las iglesias de Galicia. Campanas marineras de Rianxo. Graves campanas de Compostela. Líricas campanas de Bastavales, de Anllóns... Sólo el llanto unánime de las torres románicas, lágrimas de bronce sobre faz de piedra, habría expresado con digno acorde y proporcionado acento, en esta ocasión el dolor de la tierra...*

*Castelao, el hombre y el artista*, 14 de xaneiro de 1950, Valentín Paz-Andrade, xornal *La Noche. Suplemento del sábado* de Santiago.

Entre 1955 e 1958 publica tres obras en Bos Aires: o poemario *Pranto matrícia* (1955) e os ensaios *Sistema económico de la pesca en Galicia* (1958) e *Galicia como*

*tarea* (1959). Este último recolle as conferencias ditadas dous anos antes no Centro Gallego de Bos Aires, e foi cualificado por Méndez Ferrín como "o grande manifesto político e económico do nacionalismo galego progresista".

En 1957 foi detido e encarcerado, de novo pola publicación dun artigo. Desta volta foi por mor un escrito aparecido en *Industrias Pesqueras* no que se criticaba ao comandante militar da Marina de Vigo.

En 1959 participa nun ambicioso proxecto empresarial para a creación dunha refinería de petróleo en Vigo, *Petrogasa*, que ao final non será autorizada. Este proxecto estaba apoiado economicamente por Manuel Cordo Boullosa, que pensaba destinar o 60 % dos beneficios a crear "*unha fundación pra axudar o melloramento cultural e social de Galicia*". Tampouco callou outro proxecto no que tamén participou en 1963: a creación dun Banco Industrial de Galicia.



Edificio Sanchón, sede do bufete de Paz- Andrade.

O 7 de xuño de 1964 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, a proposta de Otero Pedrayo, García Sabell, Fernández del Riego, Ferro Counelo e Vales Villamarín, aínda que non leu o discurso de ingreso ata o 11 de febreiro de 1978, baixo o título de "A galecidade na obra de Guimarães Rosa", respondido por Cunqueiro.

En agosto de 1970 sofre unha embolia cerebral da que se recupera non sen dificultades . En 1973 créase a *World Fishing Exhibition*, en Vigo, da que actúa como xerente.

## Restauración democrática

Co retorno da democracia volveu ao mundo da política. En 1975 formou parte da Xunta Democrática de Galicia e, cando recibe nese ano o Pedrón de Ouro, inclúe no discurso de aceptación a reivindicación da democracia e da autonomía. En 1976 foi nomeado en representación de Galicia, como independente, na Comisión Negociadora da Oposición co Goberno, ata a súa disolución en 1977, e da Plataforma de Organizaciones Democráticas. Foi elixido senador por Pontevedra pola Candidatura Democrática Galega nas Cortes Constituíntes (1977-1978), na que se presentou xunto a Fernández del Riego e Fernando Alonso Amat.

*Si las elecciones no hubieran sido manipuladas por el poder y desde Madrid, los tres hubiéramos triunfado pero, en general, la consulta fue desafortunada para Galicia*

Carta a Osorio-Tafall, 30 de xuño de 1977

En 1979 publicou *Cen chaves de sombra*, que Lorenzo Varela describiu como "poemas de un loitador, de un home con coraxe á hora de escribir e á hora de pelexar".

En 1982 publica *Castelao na luz e na sombra*, completa e detallada biografía de Castelao, o seu irmán maior, que comezara a escribir en 1975.

*Non quisen facer unha biografía fría, erudita,  
acartonada. Eu quisen dar un Castelao vivo, como foi,  
cunha liña anecdótica que o retrata.*

En 1985 publicou *Galiza lavra a sua imagen* e o 5 de decembro ingresou na Real Academia Galega de Ciencias con *O home dentro do sabio: Pedro Joseph de Bermés(1770-1824)*.

O martes 19 de maio de 1987 faleceu na clínica Fátima, de Vigo, a consecuencia dunha doença cardiovascular. Foi enterrado no cemiterio de Lérez envolto nunha bandeira galega, como el deixara establecido.



Lápida no camposanto de Lérez

## Obra

Escribiu ensaios literarios, históricos e económicos, nos que reflectiu a súa preocupación polo progreso de Galicia. Tamén escribiu varias obras como técnico especializado en temas pesqueiros.

Como poeta formou parte da Xeración de 1925 e na maior parte da súa obra poética evidénciase unha motivación patriótica, como se pode observar en *Soldado da morte* (1921), *Pranto matricial* (1954), en que evoca a morte de Castelao e que foi reeditada en 1975 en cinco linguas; *Sementeira do vento* (1968), en que canta a paisaxe e a xente galega, ademais do exilio e o amor ausente; *Cen chaves de sombra* (1979) e *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986), en que incluíu as composicións dedicadas ao autor ourensán.

### Capotes de sombra amargos

*Dous a dous en tres ringleiras  
tricornos seis, seis cabalos,  
un fusil a cada lombo,  
capotes de sombra amargos,  
cal seis funiles de tebra  
sobre hipogrifos marchando.  
As ferraduras nas laxes  
ronsel de chispas nos cascós.  
Charoles o anoitecer  
verten seu frío no cadro.  
[...]*


—Celeiros de Queixa, 1937.  
Valentín Paz-Andrade,

Utilizou a lingua galega durante toda a súa vida para a obra poética e narrativa. Para os ensaios utilizou o castelán até 1975 (se ben é certo que estas obras foron publicadas en Madrid e Bos Aires) e o galego desde entón. Respecto aos artigos, publicou en castelán os de temas pesqueiros e en galego os de temática literaria e cultural. Defendeu o uso do reintegracionismo como norma para o galego escrito, e usouno no seu último ensaio (*Galiza lavra a sua imagen*, 1985).

Colaborou en *Grial*, *O Ensino e Outeiro* con artigos sobre literatura, especialmente ao redor da figura de Castelao; e en *Industria Conservera*, *El País* e *La Vanguardia* con artigos económicos e políticos.

## Bibliografía allea

### LIBROS




#### Homenaje a Valentín Paz-Andrade

Autor: Varios

Data de publicación: 1991

ISBN: 84-86845-71-8

A Academia Galega das Ciencias organizou un ciclo de conferencias en torno a figura de Valentín Paz-Andrade que se recolleron neste libro. Osorio-Tafall, Xosé Filgueira Valverde, Gregorio Varela, Isaac Diaz Pardo, Francisco López Capont e Ramón Piñeiro participaron nese ciclo e as súas aportacións quedan recollidas neste libro.




#### Valentín Paz-Andrade, a memoria do século

Autor: Tucho Calvo

Data de publicación: 1998

ISBN: 84-7492-904-0

Tucho Calvo recolle nesta obra, en forma de longo diálogo, as vivencias de Valentín Paz-Andrade.



## Epistolario

Autor: Charo Portela Yáñez e Isaac Díaz Pardo

Data de publicación: 1997

ISBN: 84-7492-841-9

*Este epistolario, preparado cando se cumplen dez anos da morte do seu autor, serve, antes de nada, para documentar o que significou e segue significando para Galicia Valentín Paz-Andrade. As cartas que escribiu aos amigos ao longo de tantos anos vannos informar, emocionar, e tamén a sorprender posto que conforman a crónica dunha profunda aventura vital que non debemos esquecer.*

## ARTIGOS E COLABORACIÓNS

### O día no que esnaquizou o último premio para o Valentín

Autor: Isaac Díaz Pardo

Data de publicación: 1987, xuño 4

Medio: La Voz de Galicia

Son algúns datos que completan a magnífica semblanza que fixo Fernández del Riego nestas mesmas páxinas o pasado día 23. É notorio que os premios "Santiago" que entregou hai poucos días a TVE en Galicia, representando un "Apóstolo a cabalo, matarratas e outras especies", fixéronse en Sargadelos. Eran 28 premios, e na base das pezas, a parte mais resistente, levaban o nome do premiado. Cando o día 12 estaban cargando os trofeos para o seu transporte a Santiago, caeuuse unha das 28 pezas, e a o abrir a caixa para comprobar veuse que se esnaquizara a de Valentín partindo polo mesmo nome pintado na base.

### Valentín Paz-Andrade: in memorian

Autor: Francisco Fernández del Riego

Data de publicación: 1987, maio, 23.

Medio: La Voz de Galicia

*Despois dunha existencia lonxeva, dominada polo traballo e a acción creadora, finou en Vigo -case nonaxenario- Valentín Paz-Andrade. Coñécimonos no ano 1931. Compartimos moitas xeiras do galeguismo militante. E, ao remate da guerra civil chegou á cidade da súa residencia para me iniciar no exercicio da abogacía no seu bufete. Desde entón frecuentamos moitas andaduras comúns. Durante o longo tempo do seu vivir, Paz-Andrade chegou a adquirir un sólido prestixio no mundo da política e da economía pesqueiras. Cultivou tamén a poesía en dous libros definitorios, e a actividade literaria en volumes sobre Valle-Inclán, Guimaraes Rosa e Castelao. Pero o que sempre me chamou a atención nel, foi a súa vocación periodística. Esta vocación víñalle desde a súa época de universitario en Compostela. A ela contribuíron os consellos e asesoramentos do seu tío pontevedrés: o poeta Juan Bautista Andrade.*

### Valentín era un ferrote

Autor: Alfonso Álvarez Gándara

Data de publicación: 1987, maio, 21.

*Chámame un periodista para que dicte unhas palabras apresuradas sobre de Valentín Paz-Andrade. Dígollas, pero quedo un poco frustrado porque, coa premua, non dou atopada a definición que tiña no fondo da alma. Valentín era un líder, sí; un educador de moitedumes, sí; un dirixente para un pobo; pero faltábame por decir que era... un ferrote.*

*Como ferrote, tiña o carisma da lonxevidade. Estaba feito da madeira de Salvador de Madariaga, de Picasso, de Pau Casals, de Menéndez Pidal.*

*Houbo unha xeneración de homes, os que fundaron o Partido Galeguista, que eran todo humanidade e humanismo. Valentín participaba daquel espíritu de selección natural.*

## **Cando ti volvas polo mar**

Autor: María Xosé Queizán

Data de publicación: 26 abril 1997

Medio: Faro de Vigo

*Vigo é unha cidade fundada con sal marina. Mesmo o Cristo chamouse o Cristo do Sal, cando as carreiras adentrábanse no mar, no Areal, para descargar o sal dos barcos, cando as mulleres manipulaban as sardinhas nas fábricas de salgazón e más tarde na conserva, cando se comenzaron a construir os barcos e se xerou unha industria arredor do fruto marítimo. O mar e a súa riqueza é unha presencia concreta nesta cidade: a pesca, os portos, os barcos, os esteleiros, a industria, o comercio, o turismo, os deportes... O traballo e a vida; a beleza da paisaxe, tamén a emigración e a saudade. Polo mare....*

## **Valentín, na presenza galega**

Autor: Paco Rodesca

Data de publicación: 1997, maio de 19.

Medio: Faro de Vigo

Pra Pilar, dona da súa lembranza

*Non ten cabida dubidar que Valentín Paz-Andrade foi un amante atolascado desde seu e noso anaco de terra e mar, nomeado Galicia; o testemuño, cerco e probarlo, é que demoró oitenta e oito anos o preceito de dicer, máis que un adeus, un deica voltar a vérmonos. Dez anos fai, fai dez anos, o dezanove de maio.*

## **Valentín Paz-Andrade**

Autor: Fernando Ramos

Data de publicación: 1997, maio, 20.

Medio: El Correo Gallego

*Pregunteille unha vez a Valetin Paz-Andrade, xa que a súa biografía presentaba tantas facianas, cómo lle gostaría ser relembrado polos galegos do futuro (abogado, economista, escritor, poeta, patriota...). E me dixo: "a miña biografía é unha mixtura de tódas esas manifestacións que espontaneamente me empuxaron dun campo a outro. Máis é posible que non houberan ocurrido de non teren pasado as cousas que aconteceron en España logo do 18 de xullo de 1936. Esa data sorprendéume nun momento decisivo para que un elixa un determinado camiño na vida. Se eu houbera sospeitado entón que íamos soportar corenta anos de ocupación, posiblemente houbera percurrido na libertade noutro país". Sempre citaba Paz-Andrade ó seu tío Juan Bautista Andrade, de quen dicía que era "poeta de gran finura", como o seu mentor esencial.*

## **Valentín, abogado**

Autor: Antonio Viana Conde

Data de publicación: 21 de mayo de 1997

Medio: Faro de Vigo

*Isaac Díaz Pardo, "figura corporal mínima, mais home máximo", con la ayuda de Charo Portela, ha intentado un primer esbozo del espistolario de Valentín Paz-Andrade, que en su dimensión completa necesitaría varios tomos. Dice Isaac que la gran tarea de Valentín, fue abogar por Galicia, y creo que es una certa síntesis de una vida esforzada, en "servir a Galiza dende tódolos campos que abarcou o seu saber e o ser fazer". Otros podrán -y deberán- analizar la ingente obra de Valentín; yo sólo puedo aportar una aproximación al Valentín abogado. Abogado de a pie, en la lucha diaria del pleito o el conflicto, desde lo nimio a lo dramático, que requería, su cabeza, su voz o su pluma.*

## **Lembranza de Paz-Andrade**

Autor: Maximino Sanmartín Sobrino

Data de publicación: 1997, maio, 25.

Medio: Faro de Vigo

*Nesta hora dos xustos homenaxes a D. Valentín Paz-Andrade, quixera deixar constancia de miña afervoada adhesión a quen me distingúi sempre coa súa amizade, transcribindo un fragmento dun poemiña, sinxelo e sentido, que escribín na súa lembranza, e dos feitos que o motivaron.*

## **Valentín Paz Andrade**

Autor: Cipriano Jiménez Casas

Data de publicación: 1997, maio, 26.

Medio: Faro de Vigo

*O abrigo dun gran porto xurdira unha gran cidade". Así pronosticaba en 1919 Eduardo Cabello Ebrentz o futuro de Vigo. Efectivamente o porto vigués nas súas dimensións pesqueira, comercial e de pasaxeiros foi indiscutiblemente o motor fundamental do crecemento da nosa cidade. Pola súa situación, calado e abrigo é considerado históricamente como un dos mellores portos do Atlántico. Un porto e un mar cantado por poetas e trovadores como Martín Codax e Meendinho.*

## **A tarefa de VPA**

Autor: Manuel Bragado


Data de publicación: 2000, marzo, 12.

Medio: Faro de Vigo

*Na noitiña do 4 de Nadal de 1977, a voz nerviosa e emocionada de Valentín Paz-Andrade (VPA) cativou a unha moitedume de trescentas mil persoas que acumulaban a explanada do Náutico, despois de percorrer as rúas da cidade, ao xeito dunha alborada civil, afirmando a vontade de autonomía para Galicia. Foi a primeira e única vez que vin en persoa a Valentín, aquel home rexo que recoñeciamos nunha foto do xantar galeguista, celebrado no Parque da Barxa o Día de Galiza de 1931, intervindo de forma entusiasta, a carón de Castelao e Suárez Picallo. Valentín foi unha das figuras galegas chaves no devir desde século polo desenvolvemento dunha tarefa poliédrica e renacentista, como a do seu contemporáneo e amigo Luís Seoane.*

# **Bibliografía propia**

---



## **POEMAS**

### **Pranto Matricial**

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1955

Escrito In memorian de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que finou en Buenos Aires o 7 de xaneiro do 1950




### **Sementeira do Vento**

Autor: Valentin Paz-Andrade

Data de publicación: 1968

ISBN: VG. 61/1968




### **Cen chaves de sombra**

Autor: Valentin Paz-Andrade

Data de publicación: 1979

ISBN: 84-7492-007-8



### **Cartafol de Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo**

Autor: Valentin Paz-Andrade

Data de publicación: 1985

## ANACOS LITERARIOS

### "Veño da Morte"

*Galegos, meus irmaos, veño de ter co-a morte. Sin o agardar unha vez mais atopo o ventureiro empalme con a vida. Estou na...*

*Poema escrito por Valentín Paz-Andrade en Vigo no ano 1962 e publicado en Cen Chaves de Sombra.*

### "O que todo galego choraría"

CHORA, TERRA, TEU PRANTO das augas, e dos eidos, e dos ares, as vivas páreas cósmicas da raza, en mantelo de brétemas envoltas, que...  
Anaco de poema publicado en Pranto Matricial e escrito in memoriam de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao .

### "Mariñeiro na cadea"

Húmida de salares largacías e con sorna no dente a rezumar hoxe, compaíneiriño, ves a varar no malecón escuro onde ningén te...

Extracto do poema escrito por Valentín Paz-Andrade en Vigo no ano 1957 e publicado en Sementeira do Vento

### O que todo galego choraría...

*CHORA, TERRA, teu pranto das augas e dos eidos e dos ares, as vivas páreas cósmicas da reza, en mantelo de brétemas envoltas que noso fin ao noso orixe ligan.*

[...]

*—Valentín Paz-Andrade,  
recollido en Pranto matricial.*

## NARRATIVA

### Soldado da morte


Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1921

Medio: Inédita

Novela inacabada, inédita.


## ENSAIOS



### Galiza lavra a sua imagen


Autor: Valentín Paz-Andrade  
Data de publicación: 1985  
ISBN: 84-7492-258-5

*Ofrece un conxunto de textos que van dende a semiótica da paisaxe ata a arquitectura de Palacios, pasando por temas tan suxestivos e básicos como a lingua, o humorismo, a pintura, a poesía, a ciencia... un conxunto de textos que nos falan da grande humanidade e a exquisita pluma de Valentín Paz-Andrade.*




### A Galecideade na obra de Guimarães Rosa

Autor: Valentín Paz-Andrade  
Data de publicación: 1983  
Editado en portugués.



### Castelao na luz e na sombra

Autor: Valentín Paz-Andrade  
Data de publicación: 1982  
ISBN: 84-7492-129-5




### **La marginación de Galicia**

Autor: Valentín Paz-Andrade


Data de publicación: 1970

ISBN: M. 13.882-1970



### **La anunciación de Valle-Inclán**

*El fenómeno de transposición secular, cuya pesadumbre vino gravitando sobre las estructuras de una región, y por contragolpe vedando su acceso al crecimiento económico integrado, constituye la médula de este libro. El autor no se limita a diseñar, con respaldo suvisorio de principios y de fuentes, las cinco o seis caras del problema de Galicia, que a lo vivo analiza, ni a tomarlo con óptica distinta a la que vino aplicándose al mismo complejo de la tierra y de la gente, fracturado por la emigración.*




### **Galicia como tarea**

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1967

*O libro -segundo di Eduardo Blanco-Amor no prólogo- "tiene esa verosimilitud de lo contiguo, de lo sabido mediante la contigüidad viviente y sin inmediata tradición. Hay en la carnazón de la obra incisiones críticas muy certeras, originales y valerosas, que sólo desde el punto de vista de esa proximidad racional, social y aún paisajística podrían verse y desvelarse".*




## Sistema económico de la pesca en Galicia

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1959

*Editado polo Centro Galego de Buenos Aires, Galicia como tarefa analiza a potencialidade de Galicia e os principais problemas aos que se enfrentaba na época. A emigración e o seu impacto bio-económico; a dispersión rural e a concentración urbana; a necesidade de industrialización e incluso as frontes culturais e lingüísticas.*




## Principios de economía pesquera

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1958

*Publicado en castelán, o estudio foi solicitado pola Agrupación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas co fin de ofrecerlle ao público un panorama da economía pesqueira galega da época. Nel analízase a producción primaria e o sector secundario así como a traxectoria industrial da pesca en Galicia e a achega dos industriais de Cataluña.*




## Producción y fluctuación de las pesquerías

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1954

Prólogo de B.F. Osorio-Tafall, F.A.O., Santiago de Chile

*Editado en castelán, esta obra recolle unha análise do autor sobre o esquema da explotación española de recursos mariños. O libro analiza a producción da pesca na península Ibérica nos anos 40-50 e pon especial atención en aspectos tales como a depresión cíclica da sardiña, os túنidos como un recurso insuficientemente explotado o incluso o problema da sobrepesca. Ademais, Valentín Paz-Andrade aborda os problemas no mercado e a situación da industria conserveira na época.*



## Los puertos nacionales de pesca en España

Autor: Valentín Paz-Andrade

Data de publicación: 1928

ISBN: 123456789

Aportación de Vigo al estudio del problema

## PRÓLOGOS

### Estampas compostelanas

Autor: Kasado

Data de publicación: 1948

Medio: Estudios Ksado, Santiago de Compostela

### Biografía de Eloy Domínguez Veiga

Autor: González Luengo, J.M.

Data de publicación: 1963

